
DOCUMENTOS DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Web
consellodacultura.gal

Twitter:
@consellocultura

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.gal

Telf:
+34 981 95 72 02



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

O cine en Galicia

O seguinte documento estrutúrase en dúas partes diferenciadas. Por unha banda, realízase unha análise cuantitativa dos indicadores máis representativos da actividade cinematográfica en Galicia e, por outra, recóllese a opinión dalgúns dos axentes protagonistas do audiovisual galego. Os resultados contextualízanse nun ámbito territorial máis amplo, en comparativa co resto das comunidades autónomas, e tamén nun período temporal (2014-2018) que facilita a interpretación evolutiva da situación nos últimos anos.

Para a obtención desta información, o informe nútrese das seguintes fontes estatísticas:

- Ministerio de Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento.

- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales – Secretaría de Estado de Cultura.

En xeral, e como se pode extraer do estudo realizado, os datos apuntan a unha lixeira caída nalgúns indicadores do eido cinematográfico en Galicia, como o número de espectadores, a asistencia media por habitante ou a recadación. Pola contra, aumenta o número de salas.

A parte cualitativa ten como finalidade afondar na opinión dos profesionais que participan dun xeito ou doutro no proceso cinematográfico. Para levar a cabo ese estudo seleccionáronse ámbitos importantes no desenvolvemento do audiovisual en Galicia: a creación, a produción, a exhibición e difusión e, por último, o papel da Administración pública neste eido. O estudo fai un percorrido polas valoracións dos responsables da Academia Galega do Audiovisual, a Asociación Galega de Produtoras Independentes, a cooperativa de creación e difusión cultural NUMAX e a Axencia Galega das Industrias Culturais. Un denominador común en todos os axentes consultados é a gran consideración polo talento creativo das e dos autores galegos, polo bo facer dos seus profesionais e pola proxección internacional que está a acadar o cine galego no exterior. Entre as cuestións negativas que resaltar están a falta de axudas e a insuficiencia do financiamento para lograr filmes de envergadura.

O CINE NAS FONTES ESTADÍSTICAS

DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Esta sección está conformado por tres apartados: asistencia e recadación, exhibición e distribución e, por último, produción.

Asistencia e recadación

Galicia perdeu 100.000 espectadores en 2018, cun cómputo xeral de 3,9 millóns en toda a comunidade galega. Este feito concorda coa perda experimentada no conxunto de España, con 900.000 espectadores menos, dun total de 98,9 millóns. Madrid, con 19,3 millóns de espectadores, seguida de Cataluña con 17,7, Andalucía con 15,1 e Comunidade Valenciana con 11,6 son as comunidades que destacan especialmente no relativo á asistencia ao cine: entre as catro suman un 63,7% do total de espectadores en España. En xeral, pódese dicir que a asistencia ao cine en 2018 diminuíu ou se mantivo en todas as comunidades autónomas respecto ao ano anterior, agás en catro comunidades: C. Valenciana (400.000 máis) e I. Baleares, R. Murcia e Castela-A Mancha con 100.000 asistentes máis cada unha.

A asistencia media en Galicia sitúase en 1,4 películas por habitante e continúa lonxe da media estatal, que se coloca en 2,1. A poboación galega é a cuarta do Estado que menos vai ao cine, xunto coa asturiana (tamén 1,4) e despois da extremeña (1,1) e dos residentes en Ceuta e Melilla (0,7). Moi por riba da media estatal están os habitantes da Comunidade de Madrid (2,9), así como os de Cataluña, Navarra e Valencia, cun índice dun 2,4 cada unha delas. En 2018 perdéronse 1.042 espectadores por sala en Galicia, cun total de 20.767, o que supón unha diferenza de 6.796 espectadores por sala en relación coa media do conxunto estatal (27.557). A seguinte táboa condensa datos de afluencia de espectadores ao cine nos últimos cinco anos en comparativa coa media estatal.


Evolución dos indicadores de asistencia ao cine

| | Espectadores (millóns) | | Asistencia media por habitante | | Espectadores por sala | |
|------|------------------------|---------|--------------------------------|---------|-----------------------|---------|
| | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| 2014 | 88 | 3,6 | 1,9 | 1,3 | 23.781 | 21.251 |
| 2015 | 96,1 | 4,1 | 2,1 | 1,5 | 26.794 | 23.202 |
| 2016 | 101,8 | 4,2 | 2,2 | 1,5 | 28.651 | 22.786 |
| 2017 | 99,8 | 4 | 2,1 | 1,5 | 27.585 | 21.803 |
| 2018 | 98,9 | 3,9 | 2,1 | 1,4 | 27.557 | 20.761 |

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

A gráfica seguinte mostra os datos de asistencia media por habitante por comunidades autónomas.

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Asistencia media por habitante e comunidade autónoma (2018)

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

A análise por provincias desvela que A Coruña representa a metade dos espectadores e da recadación de Galicia. Na seguinte táboa desagreganse os principais indicadores de cine en Galicia por provincias.

Indicadores de cinematografía en Galicia

| | Cines | Salas de exhibición | Espectadores (millóns) | Recadación (millóns de euros) |
|---------------|-------|---------------------|------------------------|-------------------------------|
| Total Galicia | 44 | 187 | 3,9 | 22,9 |
| A Coruña | 16 | 89 | 2,0 | 11,3 |
| Lugo | 6 | 26 | 0,3 | 1,9 |
| Ourense | 7 | 14 | 0,3 | 1,8 |
| Pontevedra | 15 | 58 | 1,3 | 7,8 |

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento



Os espectadores que perdeu o cine en Galicia en 2018 corresponden principalmente aos asistentes de longametraxes estranxeiras. O mesmo sucede no conxunto de España, onde a asistencia se reduce en 1,3 millóns. En cambio, os filmes españoles experimentan unha lixeira suba tanto na comunidade galega (300.000) coma no total do Estado (100.000). Na seguinte táboa pódense constatar estes datos e a súa evolución nos últimos cinco anos.

DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Evolución dos espectadores de películas españolas e estranxeiras (millóns de espectadores)


| | España | | Galicia | |
|------|-----------|--------------|-----------|--------------|
| | Españolas | Estranxeiras | Españolas | Estranxeiras |
| 2014 | 22,4 | 0,9 | 65,6 | 2,7 |
| 2015 | 18,6 | 0,8 | 77,6 | 3,2 |
| 2016 | 18,8 | 0,8 | 83,0 | 3,4 |
| 2017 | 17,4 | 0,6 | 82,5 | 3,4 |
| 2018 | 17,7 | 0,7 | 81,2 | 3,2 |

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

No que respecta á recadación dos cines galegos en 2018, os datos din que diminuíu en 900.000 euros respecto ao ano anterior, un descenso que no conxunto de España chegou aos 5,6 millóns de euros. En total, as salas galegas recadaron 22,9 millóns de euros, sobre un cómputo global de 585,7 en todo o Estado. Nove das dezasete comunidades autónomas ou ben manteñen a súa recadación ou ben a aumentan, entre as que destaca de xeito significativo a Comunidade Valenciana, a Comunidade de Madrid e Canarias, cunha suba de 2,4 millóns de euros no caso da primeira e de 1,5 millóns nas dúas últimas.

Hai que ter en conta que a pesar da oscilación da recadación en Galicia no quinquenio analizado, a cantidade recadada en 2018 é superior á de 2014 en 1,6 millóns de euros. No total do Estado, a recadación aumenta nestes cinco anos en 67,5 millóns de euros. Lideran esta suba as comunidades de Madrid con 15,5 millóns de euros, seguida de Valencia con 13,9 millóns e Andalucía con 11 millóns. Pódense constatar estes datos na seguinte gráfica de evolución.

Evolución da recadación cinematográfica (millóns de euros)



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Os datos de recadación tamén están vinculados coa nacionalidade da película exhibida. Ao contrario do que sucedía en 2017, as longametraxes españolas produciron máis ingresos en 2018 ca o ano anterior (100.000 euros máis); porén, as estranxeiras recadaron un millón menos. Situación semellante á do ámbito estatal, onde os ingresos polos filmes españois aumentaron tamén en 100.000 euros, mentres que a recadación das películas estranxeiras baixou 5,6 millóns. Na seguinte táboa móstrase a evolución temporal dos datos desagregados por nacionalidade da película.


Evolución da recadación total de cine por nacionalidade da película

| | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---------------------|-------|-------|-------|-------|-------|
| <i>Total</i> | | | | | |
| España | 518,2 | 575,2 | 602,0 | 591,3 | 585,7 |
| Galicia | 21,3 | 23,8 | 24,3 | 23,8 | 22,9 |
| <i>Españolas</i> | | | | | |
| España | 131,8 | 111,7 | 111,2 | 103,0 | 103,1 |
| Galicia | 5,6 | 5,0 | 4,6 | 3,8 | 3,9 |
| <i>Estranxeiras</i> | | | | | |
| España | 386,4 | 463,5 | 490,9 | 488,3 | 482,7 |
| Galicia | 15,7 | 18,9 | 19,7 | 20,0 | 19,0 |

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

En canto ao gasto medio por habitante, descende en consonancia co resto de indicadores de recadación e sitúase en 8,5 euros ao ano.

Evolución do gasto medio por habitante




Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

Galicia sitúase en cuarto lugar das comunidades autónomas co gasto máis reducido por habitante en cine, concretamente 8,5 euros, o que supón 4,1 euros menos que a media estatal, establecida en 12,6 euros. Tan só gastan menos ca en Galicia os habitantes de



Castela-A Mancha, Extremadura, Ceuta e Melilla. Na Comunidade de Madrid e en Cataluña gastan 11 e 6,5 euros respectivamente máis ca en Galicia e encabezan o gasto por habitante de España. A seguinte gráfica dá conta desta información.

Gasto medio por habitante na asistencia ao cine por comunidades autónomas (2018)




Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

O gasto medio por espectador (prezo medio da entrada) mantense practicamente estable en 5,9 euros durante toda a serie temporal, tanto en Galicia coma no conxunto estatal, a excepción de lixeiras oscilacións, como se ve na seguinte gráfica.




Evolución do gasto medio por espectador



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

En conxunto, o gasto medio por espectador mantense respecto ao ano anterior na meirande parte das comunidades autónomas. A media estatal é superada tan só por Madrid (6,6 euros), Cataluña (6,3 euros) e Asturias (6 euros), como se pode observar a continuación na gráfica.

Gasto medio por espectador e comunidade autónoma (euros) en 2018



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento



Mención á parte merece a chamada Festa do Cine ou Semana do Cine. Esta iniciativa, promovida dende o ano 2009 pola Federación de Asociaciones de Productores Españoles (FAPAE), a Federación de Distribuidores Cinematográficos (FEDICINE) e a Federación de Cines de España (FECE), foi acollida como unha proposta innovadora que favorecía a captación de público, ao mellorar a accesibilidade do espectador ao cine mediante a rebaixa do prezo da entrada a 2,90 euros. En 2018, convocáronse en Galicia dúas semanas do cine e obtívose unha recadación conxunta de máis de 319.430 euros, un 1,4% do total recadado nese ano en toda a comunidade, cunha participaron de 110.104 persoas, o que supuxo un 2,8% do total dos espectadores galegos. Como se pode ver, a seguinte táboa de evolución das últimas tres festas de cine realizadas en Galicia amosa unha baixada tanto na resposta de público como na recadación.

Evolución dos espectadores e da recadación nas festas do cine celebradas en Galicia

| | 2016 | 2017 | 2018 |
|--------------------|---------|---------|---------|
| Recadación (euros) | 532.275 | 376.560 | 319.430 |
| Espectadores | 183.241 | 130.100 | 110.104 |

Fonte: Comscore

Outra das vías de promoción e difusión das creacións audiovisuais é a celebración de festivais de cine. O número de festivais realizados na comunidade galega oscila en función da fonte estatística consultada. No caso desta investigación son tres: AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), AGA (Academia Galega do Audiovisual) e o ICAA (Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales). A seguinte táboa recolle a evolución dos festivais que foron promovidos coa participación do ICAA.

Evolución do número de festivais de cine celebrados

| | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---------|------|------|------|------|------|
| España | 43 | 45 | 37 | 33 | 30 |
| Galicia | 4 | 5 | 4 | 3 | 4 |

MECD. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Subdirección General de Promoción y Relaciones Internacionales

A AGADIC publica na súa páxina web as axudas que concede anualmente aos promotores deste tipo de festivais. A través destes datos, conséntase que en 2016 esta axencia colaborou na posta en marcha de seis festivais de cine, cunha achega de máis de 105.000 euros en total; este número de certames descendeu en 2017 a catro, cun apoio económico duns 81.000 euros. No presente ano 2018 aumentou de novo o número de festivais: oito festivais con subvencións concedidas que acadaron unha contía de 118.882 euros.

A AGA tamén publica no seu sitio web unha base de datos das mostras audiovisuais realizadas en Galicia. Diferentes encontros mantidos en 2015 entre os directores dos festivais galegos e a propia academia deron como froito a creación da Coordinadora de Festivais de Cine de Galicia, que elabora e fai público un directorio destes festivais. Segundo esta coordinadora, en 2018 tiveron lugar oito festivais, o mesmo número que en 2017, pero lonxe dos 14 de 2016.



Exhibición e distribución

En 2018 hai un cine máis en Galicia que o ano anterior, co que pasou a contar con 44 cines e 187 salas de exhibición. No cómputo global de España, baixou en 5 o número de cines e perdéronse 29 salas de exhibición. As seguintes táboas e gráfica amosan a evolución nos últimos cinco anos.

Evolución do número de cines

| | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---------|------|------|------|------|------|
| España | 710 | 711 | 721 | 739 | 734 |
| Galicia | 35 | 38 | 42 | 43 | 44 |

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

Como se ve a continuación, Galicia recupérase da baixada experimentada en 2014 e aumenta pouco a pouco o número de salas.


Evolución do número de salas de exhibición

| | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---------|-------|-------|-------|-------|-------|
| España | 3.700 | 3.588 | 3.554 | 3.618 | 3.589 |
| Galicia | 170 | 175 | 184 | 185 | 187 |

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

En 2018 exhibíronse en Galicia 582 películas, 25 menos ca en 2017, a comunidade na que máis diminúe a oferta cinematográfica. No total de España proxectáronse 1.947 títulos, 141 máis ca o ano anterior. Deste xeito, a exhibición de filmes no conxunto estatal incrementouse un 19,5% con respecto a 2014, ano en que principia a serie estudada. Madrid é a comunidade autónoma cun maior crecemento de filmes exhibidos, 233 máis ca o ano anterior, seguida de Cantabria (95), Castela e León (76) e Canarias (73).



Longametraxes exhibidas por comunidade autónoma (2018)

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

As salas galegas puideron proxectar un 29,9% das películas estreadas en España en 2018, o que supuxo unha caída de 3,7 puntos porcentuais respecto a 2017, Galicia sitúase como a sétima comunidade con posibilidade de acceso ás estreas estatais. Cataluña e Madrid acceden a máis do 50% da carteleira nacional (60,5% e 55,3% respectivamente).

Producción

Segundo a enquisa de cinematografía, en 2018 operaron en Galicia 18 empresas produtoras de cine¹, seis máis que o ano anterior. A Comunidade de Madrid e Cataluña seguen a liderar o sector, acaparando entres as dúas comunidades un 58,1% da totalidade de produtoras. A seguinte táboa amosa a información en comparativa autonómica.



¹ Nesta estatística só se contabilizan as produtoras que participan na produción dunha longametraxe e que estean inscritas no Registro Administrativo de Empresas Cinematográficas y Audiovisuales, ao abeiro da Lei estatal 55/2007, do cine.

DOCUMENTOS
DE TRABALOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA


Empresas produtoras de cine con actividade por comunidade autónoma (2018)

| | Total | Porcentaxe |
|------------------|-------|------------|
| España | 389 | 100,0 |
| C. Madrid | 137 | 35,2 |
| Cataluña | 89 | 22,9 |
| Andalucía | 35 | 9,0 |
| País Vasco | 32 | 8,2 |
| C. Valenciana | 27 | 6,9 |
| Canarias | 22 | 5,7 |
| Galicia | 18 | 4,6 |
| C.F. Navarra | 8 | 2,1 |
| Aragón | 6 | 1,5 |
| I. Balears | 4 | 1,0 |
| Castela e León | 4 | 1,0 |
| P. Asturias | 2 | 0,5 |
| Castela-A Mancha | 2 | 0,5 |
| Extremadura | 2 | 0,5 |
| Cantabria | 1 | 0,3 |
| R. Murcia | 0 | 0,0 |
| A Rioxa | 0 | 0,0 |
| Ceuta e Melilla | 0 | 0,0 |

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

A análise de evolución mostra que o número de produtoras no ámbito estatal aumentou progresivamente no último quinquenio, cun incremento respecto ao 2014 dun 45,7%, e chegouse ás 389 empresas en 2018. A seguinte gráfica amosa a evolución en Galicia das empresas produtoras en comparativa estatal no período analizado.

Evolución das empresas produtoras de cine con actividade



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Producción e coprodución de filmes en Galicia

Neste apartado faise unha análise da evolución da produción de películas en Galicia, tanto longametraxes coma curtametraxes, no período 2013-2018. Para obter os datos fíxose unha explotación do Catálogo de Películas Calificadas realizado polo Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales (ICAA) do Ministerio de Cultura y Deporte. Teranse en conta datos relativos á produción e coprodución, xénero, idioma, recadación e número de espectadores e empresas produtoras galegas.

A seguinte táboa mostra o número total de longametraxes e curtametraxes producidas ou coproducidas en Galicia, tanto en idioma galego coma noutras linguas. O ano en que se rexistrou o maior número foi 2015, 27 filmes, dos cales 15 foron longametraxes; pero foi en 2013 cando se produciron máis longametraxes con participación galega, un total de 18. No último ano desta serie, a cifra total das producións ou coproducións en Galicia ficou en 25, de tal xeito que se mantén a tendencia dos dous anos anteriores.

Evolución da produción e coprodución de filmes en Galicia

| | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Total | 23 | 17 | 27 | 25 | 24 | 25 |
| Longametraxes | 18 | 11 | 15 | 15 | 13 | 15 |
| Curtametraxes | 5 | 6 | 12 | 10 | 11 | 10 |

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales – Secretaría de Estado de Cultura

No que respecta ao número de filmes producidos por xénero, obtéñense os datos que se indican na seguinte táboa. Pódese observar que no período 2013-2018 a maioría dos filmes producidos en Galicia son de ficción. A única excepción é a do ano 2017, no que se produciron máis documentais. Dentro das películas de ficción, o xénero dominante é o drama en todos os anos da serie histórica.

Evolución da produción de filmes en Galicia por xénero

| | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|-------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Ficción | 13 | 12 | 17 | 13 | 10 | 13 |
| Drama | 10 | 3 | 7 | 7 | 3 | 5 |
| Experimental | 1 | 0 | 1 | 1 | 3 | 0 |
| Ciencia ficción | 0 | 0 | 1 | 0 | | 0 |
| Comedia | 1 | 6 | 1 | 1 | 1 | 0 |
| Acción | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Thriller | 0 | 1 | 3 | 1 | 0 | 4 |
| Terror | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 |
| Romántica | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| Fantástica | 0 | 0 | 2 | 0 | 0 | 0 |
| Sen clasificación | 0 | 1 | 1 | 3 | 3 | 4 |
| Documental | 8 | 3 | 9 | 10 | 11 | 10 |
| Animación | 2 | 2 | 1 | 2 | 2 | 2 |

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales – Secretaría de Estado de Cultura



Por outra banda, se se ten en conta a lingua ou linguas de produción das películas, pode observarse na seguinte táboa que en todos os anos a maioría das películas son monolingües e en español, agás no último ano da serie, no que as películas producidas en galego superan en 3 ás producidas en español e duplican o número das producidas en 2013. No conxunto do período estudado, hai 11 películas producidas en dúas linguas, principalmente en español/galego (5), e dúas películas en varias linguas. Nestes 6 últimos anos producíronse un total de 45 películas exclusivamente en galego e 9 máis nas que o galego está presente xunto con outras linguas. Estes datos significan que o galego está presente no 38,3% das producións galegas.

Evolución da produción de filmes por lingua

| | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Monolingües | 18 | 17 | 21 | 24 | 22 | 23 |
| Árabe | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 |
| Español | 11 | 13 | 13 | 13 | 14 | 10 |
| Francés | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 |
| Galego | 6 | 3 | 7 | 9 | 8 | 13 |
| Inglés | 1 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| Bilingües | 4 | 0 | 6 | 0 | 0 | 1 |
| Árabe/Francés | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Español/Alemán | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| Español/Galego | 2 | 0 | 2 | 0 | 0 | 1 |
| Español/Inglés | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| Galego/Portugués | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| Inglés/Galego | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| Multilingües | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 |
| Español/Portugués/Galego/Aymará | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Galego/Español/Árabe | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 |
| Sen diálogos | 0 | 0 | 0 | 0 | 2 | 1 |

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales – Secretaría de Estado de Cultura

A seguinte táboa mostra datos sobre a evolución do número de espectadores e a recadación dos filmes producidos en Galicia durante o período 2013-2018. Como se pode comprobar, os dous indicadores reflicten datos moi variables que se poden explicar en función das películas en que participaron as produtoras galegas. Por exemplo, 2015 é o ano en que se acada a cifra máis elevada de espectadores e recadación porque tan só a película *El desconocido*, coproducida por Vaca Films, S.L. (50,1%), tivo 488.555 espectadores, cunha recadación de máis de 3 millóns de euros. Outro filme cualificado ese ano, *Cien años de perdón*, ao que a mesma produtora achegou un 1% de participación, obtivo máis dun millón de espectadores e recadou máis de seis millóns de euros.



DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Evolución do número de espectadores e recadación dos filmes producidos en Galicia

| | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|--------------|-------------|---------------|----------------|---------------|------------|---------------|
| Espectadores | 50.570 | 939.929 | 1.812.048 | 363.755 | 6.890 | 254.887 |
| Recadación | 182.607,37€ | 5.677.857,64€ | 10.889.767,70€ | 1.984.556,83€ | 36.835,11€ | 1.491.395,81€ |

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales – Secretaría de Estado de Cultura

Con respecto aos indicadores de número de espectadores e recadación dos filmes producidos en lingua galega², obsérvase na seguinte táboa que no período 2013-2018 se realizou un total de 21 filmes exclusivamente en galego. A película que máis espectadores e recadación obtivo foi *A Esmorga*, producida en 2014 por Vía Láctea Filmes, S.L.

Películas producidas en lingua galega segundo número de espectadores e recadación

| PELÍCULAS | XÉNERO | ESPECTADORES | RECADACIÓN (€) |
|------------------------------------|----------------------|--------------|----------------|
| 2013 | | | |
| 9 ondas | Ficción/Drama | 302 | 1.334,30 |
| O ouro do tempo | Ficción/Drama | 910 | 4.549,30 |
| O Quinto Evanxeo de Gaspar Hauser | Ficción/Experimental | 46 | 140,00 |
| 2014 | | | |
| A Esmorga | Ficción/Drama | 47.866 | 277.652,06 |
| 2015 | | | |
| Encallados | Ficción/Comedia | 149 | 756,00 |
| Funes. o inventor da lúa | Documental | 63 | 159,00 |
| 2016 | | | |
| Sicixia | Ficción/Drama | 12.158 | 68.507,12 |
| Esquece Monelos | Documental | 1.569 | 9.253,60 |
| Os días afogados | Documental | 1.007 | 5.204,93 |
| Pelerinaxes | Documental | 104 | 282,00 |
| As vacas de Wisconsin ³ | Ficción/Drama | 38 | 0,00 |
| 2017 | | | |
| A palabra xusta | Documental | 661 | 3.107,00 |
| Tempo | Documental | 466 | 2.581,40 |
| Vigo 1972 | Documental | 2.270 | 11.667,60 |
| Memorias de un hombre en pijama | Animación | 2.298 | 12.882,56 |
| 2018 | | | |
| Dhogs | Ficción/Thriller | 4.668 | 25.418,90 |
| La estación violenta | Ficción/Drama | 826 | 4.679,45 |
| Trote | Ficción/Drama | 1.551 | 8.436,95 |
| Máis ca vida | Documental | 30 | 210,00 |
| Trinta lumes | Documental | 3.185 | 16.623,09 |
| Tódalas mulleres que coñezo | Documental | 91 | 452,50 |

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales – Secretaría de Estado de Cultura

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

² Só se contemplan nesta táboa aqueles filmes para os que se poden obter os indicadores de espectadores e recadación a partir do Catálogo de Películas Calificadas do ICAA.

³ Este filme, aínda que non foi producido por unha produtora galega, foi rodado integramente en galego.

No tocante ás empresas produtoras en Galicia, nos 141 filmes producidos entre 2013 e 2018 participaron 60 empresas. Ademais, hai 27 filmes en cuxa produción participan persoas físicas, xa sexa en coproducións ou producións propias, nas que ademais poden exercer de directores/-as, guionistas ou mesmo fotógrafos/as.

Empresas produtoras galegas por número de películas producidas (2013-2018)

| <u>EMPRESA PRODUTORA</u> | <u>Nº DE FILMES</u> |
|--|---------------------|
| Mordisco Films, S.L | 10 |
| Zircozine, S.L. | 6 |
| Televisión de Galicia, S.A. | 5 |
| Vaca Films Studio, S.L | 4 |
| Zeitun Films, S.L | 4 |
| Abano Produccións, S.L. | 3 |
| Foresta Films, S.L | 3 |
| Tic Tal Producciones, S.L. | 3 |
| Agallas Films, S.L | 2 |
| Amanita Films, S.C. | 2 |
| Ficción Producciones, S.L | 2 |
| Formatio Producciones, S.L. | 2 |
| Frida Films, S.L. | 2 |
| Lasoga Films, S.L. | 2 |
| Maruxiña Film Company, S.L. | 2 |
| Matriuska Producciones, S.L. | 2 |
| Mondotropo, S.L. | 2 |
| Noveolas Producciones, S.L | 2 |
| Pixel Films, S.L. | 2 |
| Producciones Fenda, S.L. | 2 |
| Vía Láctea Filmes, S.L | 2 |
| Xamalú Filmes, S.L. | 2 |
| Acuarela Comunicación, S.L. | 1 |
| Adivina Producciones, S.L. | 1 |
| Aira Studio, S.L. | 1 |
| Artemática, S.L. | 1 |
| Atlantis Multimedia, S.L.U. | 1 |
| Bambú Producciones, S.L. | 1 |
| Claqueta Coqueta, S.L. | 1 |
| Continental Producciones, S.L. | 1 |
| Cooperativa de Cine y Documental, S. Coop. Galega | 1 |
| Danga Danga Audiovisuales, S.L.N.E | 1 |
| Dos Treinta y Cinco Producciones Cinematográficas, S.L | 1 |
| El dedo en el ojo, S.L. | 1 |
| El Viaje Producciones Integrales Canarias, S.L. | 1 |
| Esmerarte Industrias Creativas, S.L. | 1 |
| Filmanova, S.L | 1 |
| Filmika Galaika, S.L. | 1 |
| Firmist Animación, S.L. | 1 |



**DOCUMENTOS
DE TRABALO**


OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

| | |
|---|---|
| Goldstudio Lab, S.L. | 1 |
| I-G. Documentación, S.L. | 1 |
| Ladybug, S.L. | 1 |
| Milou Films, S.L. | 1 |
| O Camino Films, S.L. | 1 |
| O Grelo Producciones, S.L. | 1 |
| Portocabo TV, S.L. | 1 |
| Producciones del Fin del Mundo, S.L. | 1 |
| Producciones Hipotálamo, S.L. | 1 |
| Pulsa Control Z, S.L. | 1 |
| Redenasa TV, S.L. | 1 |
| Servicios Audiovisuales Galegos SAGA TV, S.L. | 1 |
| Sombriza Films, S.L. | 1 |
| También La Lluvia, A.I.E. | 1 |
| Trece Films, S.L. | 1 |
| Trespes, Sociedade Cooperativa Galega | 1 |
| UNIKO Estudio Creativo, S.L. | 1 |
| Visual Film Produccións, S.L. | 1 |
| Vizuals Lab, S.L. | 1 |
| Zancalino Producos, S.L. | 1 |
| Zenit Televisión, S.A. | 1 |

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales – Secretaría de Estado de Cultura

Das 83 empresas ou persoas físicas encargadas da produción de películas, un 60,2% son da Coruña, un 27,7% de Pontevedra e moi lonxe están as das provincias de Lugo e Ourense, onde se produciron un 7,2% e un 4,8% respectivamente dos filmes neste período de estudo.

Número de produtoras de películas por provincias



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales – Secretaría de Estado de Cultura



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Subvencións da AGADIC

Na produción e coprodución de filmes en Galicia, a AGADIC desempeña un papel moi relevante, xa que o seu obxectivo é consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego para promover unhas entidades capitalizadas, competitivas e innovadoras, fomentar a creación e potenciar a comercialización de bens e servizos culturais de calidade, favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singularizadores. Coas convocatorias de axudas da AGADIC preténdese impulsar un marco de actuación cultural baseado en tres premisas substanciais:

1. O impulso do sector audiovisual galego, considerado como estratéxico para a comunidade.
2. A consolidación de industrias audiovisuais competitivas, con posibilidades de exportar e dar rendibilidade social e económica á cultura galega.
3. A busca da excelencia nos produtos culturais galegos, coa posta en valor da cultura galega a través da creación e divulgación de produtos audiovisuais galegos.

Así pois, convócanse anualmente, agás algunha excepción, subvencións para promover o sector audiovisual e cinematográfico galego. Para este informe teranse en conta catro tipos diferentes de axudas durante o período 2011-2018, que son os seguintes:

I. *Subvencións a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego.* Van destinadas a longametraxes de ficción, animación e documentais, curtametraxes e producións ou coproducións destinadas a ser emitidas por televisión. Valórase especificamente que a lingua orixinal da produción sexa o galego (máis do 75% dos diálogos e/ou narración en lingua galega).

II. *Subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega.* Son obxecto destas subvencións os proxectos de ficción para cine e televisión (longametraxes, series e miniseries), proxectos de animación (longametraxes cinematográficas e series de animación para TV), proxectos de documental para cine e televisión e proxectos de pilotos de programas para televisión que destaquen por ofrecer formatos innovadores e alto potencial de internacionalización. Entre os criterios de valoración atópase o de contribución do proxecto ao fomento da cultura e lingua galegas.

III. *Subvencións para a promoción e difusión do cine galego en festivais e mostras de cine de prestixio nacional e internacional que se realicen fóra de Galicia.* Será subvencionable a participación de obras audiovisuais galegas en festivais e mostras de cinema de carácter nacional e internacional de recoñecido prestixio, concretamente os festivais recoñecidos e clasificados pola FIAPF (Federación Internacional de Asociacións de Produtores Cinematográficos).

IV. *Subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego.* Baixo esta convocatoria son subvencionables os proxectos de guións de obras orixinais ou adaptación de obras literarias para longametraxes cinematográficas, proxectos de curtametraxes gravadas en versión orixinal galega cunha duración inferior a



60 minutos e proxectos de longametraxes cinematográficas en versión orixinal galega cunha duración igual ou superior aos 60 minutos e que contén un realizador que non dirixise ou codirixise máis de dúas longametraxes cualificadas para a súa explotación comercial en salas de exhibición cinematográfica.

Tendo en conta o anterior, pódense analizar os datos obtidos a través da AGADIC sobre as producións galegas. Para comezar, a seguinte táboa mostra a totalidade de subvencións que outorgou AGADIC segundo as diferentes convocatorias e anos. Hai que ter en conta que algunhas destas subvencións son compatibles entre si, de tal xeito que un mesmo proxecto pode recibir varias subvencións no mesmo ano ou en anualidades diferentes. Como se pode comprobar na táboa, na última anualidade da serie temporal analizada é na que se concede un maior número de subvencións, concretamente 67. Esta magnitude seguiu unha evolución crecente dende o ano 2015, no que se outorgaron 35 axudas. No ano 2012 só houbo unha convocatoria de subvencións, da que se beneficiaron 18 proxectos.

Subvencións outorgadas pola AGADIC a producións e coproducións por tipo de subvención e ano de convocatoria

| | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|--------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| I | 25 | 18 | 9 | 13 | 11 | 16 | 12 | 13 |
| II | 14 | - | 10 | 12 | 11 | 10 | 11 | 14 |
| III | - | - | - | 9 | - | 17 | 14 | 17 |
| IV | 18 | - | 12 | 13 | 13 | 13 | 13 | 13 |
| Total | 56 | 18 | 31 | 47 | 35 | 56 | 60 | 67 |

Fonte: AGADIC

Deste número total de producións e coproducións audiovisuais beneficiadas polas subvencións da AGADIC, analízanse a continuación só aquelas que foron incluídas no *Catálogo de Cine Español*⁴ entre 2013 e 2018, independentemente do ano en que obtiveran a subvención. A seguinte táboa indica o total de subvencións da AGADIC que recibiron as películas incluídas neste catálogo.

Subvencións recibidas polas producións e coproducións galegas incluídas no *Catálogo de Cine Español*, segundo o tipo de axudas

| Tipo de subvención | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|--------------------|----------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| I | 1 | 4 | 6 | 9 | 4 | 5 |
| II | 0 | 1 | 2 | 2 | 0 | 2 |
| III | 3 | 3 | 0 | 10 | 6 | 8 |
| IV | 1 | 1 | 2 | 3 | 3 | 5 |
| Total | 5 | 9 | 10 | 24 | 13 | 20 |

Fonte: AGADIC



⁴ O *Catálogo de Cine Español* é unha publicación dixital do Instituto de Cine y Artes Audiovisuales destinada á promoción do cine español que recolle información sobre as películas cinematográficas con participación española na produción e cuxo criterio de selección se basea en ser cualificadas por primeira vez durante o ano correspondente.

Ao estudar estes datos segundo a cantidade recibida, conséctase que foi en 2012 cando a AGADIC investiu máis cartos en subvencións a producións e coproducións galegas, especialmente nas subvencións a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego. Deste tipo de subvencións beneficiáronse concretamente 9 proxectos cinematográficos galegos e o filme que máis cartos recibiu foi *A Esmorga*, que se estreou en 2014.

Subvencións recibidas polas producións e coproducións galegas incluídas no *Catálogo de Cine Español*, segundo o tipo de axudas e a cantidade recibida

| | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|-------|------------|--------------|------------|--------------|------------|------------|------------|------------|
| I | 429.085,32 | 1.900.290,70 | 460.773,22 | 1.260.000,00 | 552.920,00 | 321.693,00 | 240.000,00 | 240.000,00 |
| II | | 29.352,00 | 55.803,61 | | | 20.000,00 | | |
| III | | | | 72.124,22 | | 21.927,73 | 19.672,27 | 19.500,00 |
| IV | 13.388,43 | | | 48.000,00 | 112.000,00 | | 18.000,00 | |
| Total | 442.473,75 | 1.929.642,70 | 516.576,83 | 1.380.124,22 | 664.920,00 | 363.620,73 | 277.672,27 | 259.500,00 |

Fonte: AGADIC

Se agora se analizan estas subvencións por tipo de axudas e lingua orixinal dos filmes galegos, pódese comprobar que en todo o período estudado as películas en lingua galega orixinal son as que máis cartos recibiron. De feito, de acordo coas bases das convocatorias, os filmes en galego como lingua orixinal puntuaban máis á hora de concorrer ás subvencións. Os filmes realizados en galego recibiron máis de 2,3 millóns de euros entre 2011 e 2018, cantidade á que habería que engadir máis de 300.000 euros para os filmes noutras linguas orixinais ademais do galego. Nese mesmo período as películas exclusivamente en castelán recibiron 1,9 millóns de euros.

Cantidade total das subvencións outorgadas pola AGADIC segundo a lingua orixinal da película

| | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|-------------------------|------------|------------|------------|------------|------------|------------|------------|------------|
| Castelán | 244.688,67 | 694.737,15 | 289.160,97 | 328.897,22 | 35.000,00 | 75.382,07 | 246.000,00 | 2.500,00 |
| Galego | 13.388,43 | 610.295,68 | 19.337,22 | 569.727,00 | 629.920,00 | 261.738,66 | 20.572,27 | 257.000,00 |
| Galego e outras linguas | 25.636,83 | 74.601,72 | 208.078,64 | 1.500,00 | | | | |
| Outros casos | 158.759,82 | 550.008,15 | | 480.000,00 | | 26.500,00 | 11.100,00 | |

Fonte: AGADIC



Na seguinte táboa detállanse datos sobre as subvencións que percibiron as producións e coproducións galegas incluídas no *Catálogo de Cine Español* entre os anos 2013 e 2018 e que teñan o galego como lingua orixinal. En primeiro lugar, cómpre salientar que as cantidades obtidas varían moito dependendo do tipo de axudas. Os filmes que recibiron subvencións a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego (Tipo I) son os que obtiveron maiores cantidades. 2018 é ano en que a AGADIC subvencionou máis películas en galego, máis do dobre que en 2017.

DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA**Producións e coproducións incluídas no *Catálogo de Cine Español* que recibiron subvención de AGADIC e nas que está incluída a lingua galega segundo o tipo de subvención e cantidade recibida**

| PELÍCULAS | LINGUA | TIPO DE SUBVENCIÓN | CANTIDADE |
|------------------------------------|-----------------------|--------------------|---------------------|
| 2013 | | | |
| O ouro do tempo | Galego | III | 11.727,00 € |
| O Quinto Evanxeo de Gaspar Hauser | Galego | IV | 13.388,43 € |
| Costa da Morte | Galego/Castelán | III | 1.500,00 € |
| TOTAL | | | 26.615,43 € |
| 2014 | | | |
| A Esmorga | Galego | I | 334.369,75 € |
| Ser e voltar | Galego | IV | 6.000 € |
| 2015 | | | |
| Eco | Galego | IV | 6.000 € |
| Hotel Almirante | Galego | I | 245.925,93 € |
| Restart | Galego | IV | 6.000 € |
| A praia do afogados | Galego/Castelán | I | 208.078,64 € |
| En todas as mans | Galego/portugués | I | 31.000,00 € |
| El viaje de Leslie | Galego/inglés | I | 25.636,83 € |
| TOTAL | | | 889.626,58 € |
| 2016 | | | |
| A liña política | Galego | III, IV | 7.500,00 € |
| Sicixia | Galego | I, III | 261.341,66 € |
| Esquece Monelos | Galego | IV | 30.000 € |
| Os días afogados | Galego | I | 40.000,00 € |
| As vacas de Wisconsin ⁵ | Galego | IV | 6.000 € |
| Alpuxarras | Galego/Castelán/Árabe | I | 43.601,72 € |
| TOTAL | | | 388.443,38 € |
| 2017 | | | |
| Juana de Vega. Vizcondesa do Arado | Galego | I | 240.000,00 € |
| Matria | Galego | III, IV | 9.000 € |
| Memorias de un hombre en pijama | Galego | I, III | 259.347,00 € |
| TOTAL | | | 508.347,00 € |
| 2018 | | | |
| Dhogs | Galego | III, IV | 35.000,00 € |
| La estación violenta | Galego | I, II, III | 275.990,06 € |
| Trote | Galego | I, III, IV | 268.897 € |
| Versogramas | Galego | I, II | 41.920,16 € |
| Trinta lumes | Galego | I, III | 33.500,00 € |
| Tódalas mulleres que coñezo | Galego | III, IV | 8.000,00 € |
| Verengo | Galego | III | 2.072,27 € |
| TOTAL | | | 665.379,49 € |

Fonte: AGADIC

⁵ Este filme, aínda que non foi producido por unha produtora galega, foi rodado integramente en galego.

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

O CINE GALEGO A TRAVÉS DOS SEUS PROTAGONISTAS. VALORACIÓN CUALITATIVAS

Como se mencionaba ao principio deste documento de traballo, co fin de profundar no eido audiovisual galego e amosar unha perspectiva máis ampla, alén do dato estrito, complementábase o anterior estudo cuantitativo coa opinión dos responsables de catro entidades galegas vinculadas, dende planos diversos, ao sector do cine en Galicia. A análise dalgúns dos responsables da Academia Galega do Audiovisual, a Asociación Galega de Produtoras Independentes, a cooperativa de creación e difusión cultural NUMAX e a Axencia Galega das Industrias Culturais completa este traballo.

Creación

A AGA constitúese como unha das entidades referenciais do eido audiovisual en Galicia. Trátase dunha asociación sen ánimo de lucro que agrupa a creadores e profesionais do sector, e que abrangue dende cine ou multimedia ata publicidade, televisión e vídeo. Entre os obxectivos da AGA están fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas directa ou indirectamente co audiovisual galego e tamén velar polos seus e as súas profesionais.

Segundo Carlos Ares, quen foi presidente da Academia Galega do Audiovisual entre 2015 e maio de 2019, un dos logros fundamentais do audiovisual galego é o labor dos creadores e profesionais galegos e galegas, que “saben facer o seu traballo e fano ben, cun xeito propio de contar as súas historias e facer as súas películas, sen esquecer tamén o aumento de filmes con versión orixinal en galego”. Estanse levando a cabo, continúa, “obras moi diferentes e interesantes a través dunha gran variedade de xéneros, con filmes valorados e recoñecidos tanto polo público nas salas, como polos festivais internacionais máis esixentes, un feito que evidencia que o audiovisual galego é un sector moi vivo”.

Un dos valores en alza do sector para Carlos Ares é o aumento de ‘óperas primas’ de gran madurez creativa e artística, realizadas por profesionais cada vez máis novos, liderados por xefes e xefas de equipo tamén novos. Aínda que a participación das mulleres neste sector é moi escasa, experimentouse un avance significativo da súa presenza nos últimos anos que, malia a non ser suficiente, continúa mellorando. O impulso destas novas xeracións de cineastas é unha das grandes fortalezas do sector audiovisual galego ás que hai que protexer e axudar. Por outra banda, Ares pensa que un dos principais problemas cos que se atopa o colectivo audiovisual é a dificultade para continuar creando novos filmes por falta de apoio económico, o que lles impide contar cun orzamento axeitado para emprender proxectos futuros. A precariedade laboral, segundo sinala Carlos Ares, é outras das cuestións máis delicadas: “Cada vez é máis difícil, para moitos profesionais, vivir do noso audiovisual. Grandes profesionais, moi bos no seu traballo, que sofren a precariedade. Creo que debe haber unha maior axuda por parte das administracións, sobre todo ás obras con versión orixinal en lingua galega, tamén da Administración central, que debe apoiar o cine en galego. E debe incentivarse o investimento privado con incentivos fiscais e unha lei de mecenado”.



Para Ares, un dos factores de influencia sobre a baixa asistencia das galegas e galegos ao cine pode ser a dispersión xeográfica da poboación galega, ademais do prezo da entrada. “O prezo do cine é caro, sempre que hai promocións énchense as salas. Hai países onde se dan ás persoas novas tarxetas para consumir produtos culturais, podería ser un bo xeito de atraer xente nova aos cines e que consuman Cultura”, comenta.

O consumo de cine a través de plataformas de Internet ou televisión tamén se atopa entre as causas do descenso de espectadores, un hábito que semella que vai en aumento. “Eu son un gran defensor de ver o cine en salas. Estas teñen que buscar xeitos para que o público, sobre todo o máis novo, vaia ao cine” explica o presidente da AGA.

En relación coa produción galega, Ares considera que “o noso audiovisual tiña que ter moito máis peso e importancia, como corresponde a un país con lingua propia e cun audiovisual tan desenvolvido coma o noso, e que conta con grandes profesionais con contrastada experiencia. Debe haber un maior apoio da Administración galega ao noso cine. Os países non existen sen cultura e sen audiovisual non hai cultura. O audiovisual é unha faceta indispensable da nosa cultura”.

Xa de cara ao futuro, declárase optimista: “creo que imos seguir facendo boas películas e ter o audiovisual que merece o noso país. Somos un sector moi vivo, que sabe facer o seu traballo” e suxire: “Debemos ser conscientes da nosa importancia. Cómpre un diálogo constante entre as diferentes administracións, produtoras e profesionais”. A Academia pode ser un bo mediador entre todos eles. Accións como a ACO (<http://www.aco.gal>), a Oficina de Cooperación Audiovisual que creamos grazas a un convenio co Concello da Coruña, poden ser boas oportunidades para o desenvolvemento do noso audiovisual”.

Produción

A AGAPI agrupa as produtoras de cine, televisión, publicidade e servizos de Galicia. Trátase dunha asociación de empresas independentes que persegue a consolidación e desenvolvemento da industria audiovisual en Galicia. Cómpre subliñar o seu papel como impulsora da creación da Asociación Galega do Audiovisual e do Clúster Audiovisual Galego, sendo tamén parte activa do proceso de elaboración da Lei Estatal do Cine (Lei 55/2007).

Para o director e produtor Felipe Lage, vicepresidente de AGAPI, o cine galego atravesa actualmente un bo momento creativo, con moito talento, pero matiza que “tamén continúan a existir os endémicos problemas do sector, con poucos e insuficientes proxectos e na súa maioría insuficientemente financiados, o que ten como consecuencia a falta de traballo, de continuidade no mesmo ou de precariedade nas súas condicións cando o hai”.

En canto aos aspectos positivos da situación do audiovisual, Lage sinala que o 2019 será un ano de moitas estreas importantes, entre elas *O que arde* de Oliver Laxe, *Longa noite* de Eloy Enciso, *Arima* de Jaione Camborda ou *Lúa vermella* de Lois Patiño. Tamén destaca que os filmes feitos en Galicia están a percorrer festivais e certames cinematográficos en todo o mundo, o que supón unha importante proxección exterior que retorna nunha imaxe de marca forte e positiva para a comunidade galega, nun momento en que, ademais, a internacionalización do cine galego está normalizada. Pola contra, sinala que un dos



problemas do sector é a falta de políticas audiovisuais fortes que apoiem con maior contundencia a creación audiovisual feita en Galicia. Así mesmo, considera escaso o apoio da Administración pública á produción, distribución e educación cinematográfica, posto que mantén un grao, tanto de investimento como de desenvolvemento de actividades, similar ao dos últimos anos, que é claramente insuficiente. O mesmo sucede no ámbito privado, onde o apoio continúa a ser case nulo. As institucións, explica o vicepresidente de AGAPI, “deberan tomar conta da importancia da cultura. As oportunidades pasan pola incorporación e normalización da coprodución así como doutras medidas fiscais que terán que ir collendo pulo, como xa acontece noutros territorios. A Televisión de Galicia tamén presenta deficiencias no seu funcionamento en canto a transparencia e políticas de apoio ao sector audiovisual independente”. Igualmente, engade o director galego, “a distribución e exhibición levan anos en declive e presentan poucas perspectivas de mellora”.

No que respecta ao baixo nivel de asistencia da poboación galega ao cine, Lage pon o punto de atención sobre a educación. “A situación débese a un problema económico pero tamén a unha falta de hábito relacionada coa desidia que existe na educación en canto a poñer en valor a cultura audiovisual. Precisamos unha educación cultural desde a infancia que axude a que os nenos e nenas normalicen o cine como parte fundamental da historia. Podería estimularse a asistencia con programas específicos de apoio ás familias, con bonos culturais ou outro tipo de fórmulas que facilitasen o acceso. Sería moi interesante aumentar a diversidade cunha mellora e variedade de títulos dispoñibles” explica.

Entre algunhas das suxestións para potenciar o desenvolvemento da produción cinematográfica en Galicia, Lage é contundente: “Como producir máis? Só é posible a través dun apoio decidido da Administración á produción, distribución e educación cinematográfica. Para que o sector evolucione fai falla consideralo de novo estratéxico. As administracións deben coordinar esforzos co sector para potenciar e apoiar economicamente un crecemento exponencial do talento e das empresas que posibilite a consolidación de emprego de calidade, só así poderemos acadar un futuro. Pola súa vez, resulta de vital importancia que a Televisión de Galicia cambie a súa política”.

Exhibición e distribución⁶

NUMAX é unha cooperativa de traballo asociado, sen ánimo de lucro, conformada por un cine, unha librería e un laboratorio de deseño, comunicación e produción audiovisual. No cine NUMAX conflúen a tradición dos cines de arte e ensaio coas estreias máis recentes e os novos cines de investigación e descubrimento. Os seus integrantes son profesionais de ámbitos moi diversos da creación e a difusión cultural, e constitúen un bo referente en Galicia no que atinxe á exhibición e distribución cinematográfica.

Segundo Ramiro Ledo, presidente de NUMAX, “parece apurado tirar conclusións rápidas sobre a exhibición cinematográfica en Galicia nestes momentos en que todos os axentes se están a mover, tamén pola desterritorialización. A crecente presenza das compañías de vídeo á demanda e o desenvolvemento de liñas de produción de contidos propios (Amazon,

⁶ Esta información correspóndese cunha análise de 2017 feita con anterioridade á actualización dos datos ofrecidos polo Ministerio de Cultura y Deporte e inclúese neste documento de traballo polo seu evidente interese.



Movistar+, Netflix, HBO, Filmin) presiona para limitar os filmes que chegan ás salas e para convencernos de ficarmos na casa a ver as últimas estreos, probabelmente antes de que estas compañías recollan o testemuño dos grandes estudos de Hollywood de mediados do século pasado”. Para o responsable de NUMAX, “a chegada inminente a España de modelos xa crebados nos Estados Unidos (Moviepass) tentará reformular as políticas de prezos das entradas (contra unha subscrición mensual que dea libre acceso aos filmes en sala). A aparición de pequenas distribuidoras achega ás salas filmes que non hai máis ca tres anos ninguén pensaría ver nunha sala comercial. A irrupción (con éxitos e fracasos) de novos modelos de exhibición independente, con liñas de programación sólidas e a concepción dos cinemas como lugares de encontro e vida, para alén das puras proxeccións, permite que esas distribuidoras teñan onde amosar eses filmes e que o público acceda a novos modos de entender o cinema”.

Na actualidade, comenta Ledo, “estes novos modelos conviven coas salas históricas que resistiron o embate da dixitalización a inicios dos anos dez de 2000 (de pantalla única ou poucas pantallas e algún multicine, cinemas pequenos en calquera caso) e con compañías máis grandes galegas (Galicine, Ciproga) e multinacionais (Yelmo, Cinesa) para conformar o mapa da exhibición en Galicia”.

En referencia aos datos do número de salas de exhibición, o responsable de NUMAX explica que “se quixeramos entrar con máis detalle no número de salas con actividade diaria e regular, por centrámonos só nos cinemas cuxa carteleira semanal podemos seguir a través dos medios, veremos que o número se reduce de xeito considerábel e que a nova sala de cinema galega creada en 2017 foi a Casa do Peso das Pontes de García Rodríguez, con actividade exhibidora puntual e de titularidade municipal⁷. Sabemos, entón, que os cinemas de Galicia en 2017 con actividade regular se reducen a 30 (181 pantallas), sendo os 13 restantes de titularidade pública e/ou con proxeccións puntuais”.

No relativo ao número de espectadores e recadación, Ledo sinala que “2017 en Galicia foi o ano de *Gru 3* (879.000€ e 157.000 espectadores en Galicia) e de *Tadeo Jones 2* (776.000€ e 139.000 espectadores en Galicia), que se amosaron en todos os complexos, familiares, medianos e multinacionais, e foron os dous títulos máis vistos e con meirande recadación do ano. Tamén poderíamos dicir que foi o ano de *Mimosas* e *Psiconautas* (os dous estreados en 2017) ou o ano en que se puideron ver por primeira vez con subtítulos en galego filmes de estrea nunha sala comercial, como *O outro lado da esperanza* de Aki Kaurismäki (mellor director Berlinale 2017), a superproducción de animación para todos os públicos *O principião* ou o filme que representou España na carreira dos Oscar *Verán 1993*, entre outros”. “O filme de Alberto Vázquez –continúa- (*Psiconautas*) foi o ganador do Goya ao mellor filme de animación 2017 e proxectouse en só 4 salas galegas desas 30 (máis de 50 en España). O filme de Oliver Laxe (*Mimosas*), despois de gañar a Semaine de la Critique en Cannes 2016, falado en árabe e só dispoñíbel en versión orixinal subtitulada, proxectouse nada máis que en 6 salas galegas desas 43 (máis de 30 en España) e foi porén o filme galego máis visto de todos os estreados en España en 2017. Recadou en total 65.000€ (16.000€ en



⁷ Boletín Informativo MECED 2018. “Películas. Recaudación. Espectadores”. Dispoñible para consulta en https://www.mecd.gob.es/dam/jcr:b9a96c4a-8e7c-4429-9b12-a4b92419859e/boletin_17.pdf (última consulta 6 de novembro de 2018)

Galicia) e vírono uns 12.000 espectadores (3.000 en Galicia). 50 veces menos espectadores que *Gru 3*".

Ramiro Ledo apostila que “o subtítulado ao galego dos títulos mencionados foi parte dos únicos 5 filmes anuais que subtítula a Secretaría Xeral de Política Lingüística (dos 582 que se estrearon en salas, unha cifra inferior ao 1%, como vemos) por proposta do Cinema NUMAX, impulsor da iniciativa”.

Para Ledo é curioso que “entre as salas que proxectaron todos estes filmes antes mencionados, das 30 que falabamos máis enriba só repiten tres en todos os casos: Cinema NUMAX de Santiago de Compostela, Multicines Norte de Vigo e Cines Dúplex de Ferrol (no caso das versións en galego, só en NUMAX). Todos, cinemas pequenos. Destas tres salas, cómpre salientar que a de máis recente inicio de actividade, o cinema NUMAX de Santiago de Compostela (aberta en 2015), foi ademais recoñecida pola rede internacional Europa Cinemas durante o Festival de Cannes 2017, como a sala de referencia do ano para toda España. Unha rede, Europa Cinemas, creada en 1992 co apoio do programa Media da Unión Europea, o Centre National du Cinéma (CNC) mais a colaboración entre Eurimages e Europa Cinema Mundus, que recoñece as salas que defenden o cinema europeo e de terceiros países e que está presente en 42 países, con 49 salas en toda España e que por primeira vez na súa historia conta cunha sala galega”.

O responsable de NUMAX tamén fala das dificultades coas que se atopa o cine independente para competir con filmes que contan cunha forte distribución e resalta o importante papel que están a desenvolver os pequenos cines para dar a coñecer estes títulos de calidade cos riscos que isto comporta: “Con excepcións puntuais, sumando os recentemente reabertos Multicines Compostela e en ocasións os Minicines Centro da Estrada, o Cine Seixo de Marín e os Cines Avenida de Caldas de Reis, o cinema independente de calidade contrastada e garante da diversidade cultural, ten porén cada vez máis difícil asomar a cabeza fronte aos títulos que cada semana se estrean con 300 e até 600 copias en todo o Estado. E faino grazas aos poucos axentes que traballamos activamente, asumindo moitas veces como exhibidores os déficits de promoción dos títulos máis pequenos, avisando persoalmente o noso público dos filmes máis agochados, defendendo nas nosas pantallas títulos que sempre son unha incógnita en canto á súa viabilidade económica antes da estrea. E normalmente somos os cinemas pequenos”.

Recoñecer, valorar e apoiar o labor que están a desenvolver esas modestas salas de exhibición co fin de achegar ao público un tipo de cine diverso e cultural é tarefa pendente e necesaria. Segundo o presidente de NUMAX, “se nos queremos seguir sentido orgullosos de que o cinema de produción galega sexa recoñecido en Cannes —onde todo o cinema mundial aspira a selo cada ano— e na Academia española —o obxectivo de todos os filmes producidos cada ano en España— e se queremos que en Galicia poidan continuar a verse con normalidade as últimas estreas de cinema europeo ou de terceiros países cada fin de semana, precisamos advertir que todos os elos da cadea do cinema deben ser tratados con agarimo polo público e polas institucións. O atraso no que traballamos con respecto aos países que nos rodean (Portugal, Francia, Italia, Alemaña, Reino Unido...), onde son apoiadas escrupulosamente todas as áreas das que finalmente depende a visibilización do cinema cultural ou independente ou da diversidade, chamémoslle como queiramos, é facilmente salvábel cunha mínima vontade que poña en valor o traballo activo de defensa



doutra idea do cinema deste grupo de pequenos exhibidores”. Ledo conclúe: “Sen termos que mirar moi lonxe, o programa Zineuskadi do goberno vasco destes últimos anos deulle un pulo innegábel ao sector da exhibición independente e de proximidade en Euskadi. Lembremos que cómpre acompañar os filmes após a produción e o desenvolvemento, que con certeza sentan a base de todo, para maximizar o rendemento destes investimentos e, sobre todo, para facer que a cidadanía poida comprobar o resultado deses apoios: distribución en salas, exhibición, internacionalización, televisión, formatos domésticos. Agora que aínda existimos os cinemas pequenos”.

A contribución da Administración pública ao proceso cinematográfico

A AGADIC é unha axencia pública autonómica adscrita á Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, creada co fin de impulsar e consolidar o tecido empresarial do sector cultural galego. Entre as súas actuacións hai que salientar as convocatorias anuais de subvencións ás industrias culturais e ao audiovisual, a xestión de circuitos estables de exhibición escénica e cinematográfica e as iniciativas de difusión da cultura galega na diáspora, entre outras.

Segundo a coordinadora de política audiovisual da AGADIC, Dolores Meijomín, á hora de avaliar a situación do eido cinematográfico galego é necesario contemplar a situación de xeito global: “Tal como funciona o mercado, ás veces é complicado establecer límites entre os eidos cinematográficos galego, español, europeo. Cabería tamén delimitar este campo segundo se trate do ámbito da creación, a produción ou a exhibición”. Por exemplo, no que se refire á exhibición cinematográfica en pantalla grande, Meijomín recorda que a dixitalización das salas provocou o peche de moitos cines, que non puideron afrontar este cambio tecnolóxico: “Foi como unha ‘tormenta perfecta’ na que confluíu esta circunstancia cunha gran crise económica e co xurdimento de novos hábitos e modelos de consumo. Letal para centos de pantallas que, coa súa desaparición, deixaron a outras tantas vilas, pequenas e medianas, sen oferta”. Para a coordinadora da AGADIC, ese proceso de transformación inflúe na situación actual do cine: “Estase a dar un profundo cambio de modelo tanto de negocio como de xeito de ver os filmes. Prodúcense grandes películas que, por non estar destinadas á súa exhibición en salas de cine, non son aceptadas en grandes festivais e, en contraste, outros grandes festivais recuperan a primeira liña porque si que permiten a competición de obras producidas para plataformas de Internet”. Con todo, dende o seu punto de vista, percíbese un momento de estabilización e recuperación no campo da exhibición, xa que cada vez se consome máis cine (ou, como xa se está a denominar nos foros especializados, máis audiovisual) a nivel mundial.

Na actualidade, en palabras de Dolores Meijomín, o cine galego vive un momento de total apertura cara ao exterior, e máis concretamente cara a outros territorios europeos: “As fórmulas de financiamento actuais esixen cada vez máis a coprodución internacional e o acceso a fondos públicos que incentivan estas prácticas e esa entrada de participación exterior nas producións implica tamén o aumento das posibilidades de comercialización e difusión”, feito que, segundo a coordinadora da AGADIC, xa constitúe unha realidade que se consolida ano tras ano, tendo en conta ademais que o audiovisual galego amosa unha diversidade, calidade e capacidade de produción equiparable á de moitas rexións europeas. “Tanto quen crea como quen produce ten xa moi interiorizada a necesidade de realizar obras



universais que, desde as formulacións máis locais, teñan a capacidade de salvar fronteiras. Así se conciben, así se levan a cabo e así se están a recoñecer en moitos festivais de Europa e doutros continentes”, explica Meijomín e engade: “A AGADIC está a contribuír a esa internacionalización desde moi distintos aspectos: formación, apoio á creación e á produción de obras, axudas á difusión en festivais internacionais e presenza en mercados e foros de negocio do exterior”.

A coordinadora de política audiovisual considera que “un dos problemas fundamentais do audiovisual galego reside no financiamento e na distribución das obras cinematográficas, aspectos que van inevitablemente moi unidos” e advirte da dificultade para realizar unha valoración sobre produción, en termos de periodicidade anual, xa que nese proceso pode transcorrer un prazo mínimo dun ou dous anos dende que se escribe un guión ata que este se materializa nunha longametraxe. No relativo ao financiamento, Dolores Meijomín comenta que, ata hai poucos anos, o orzamento dunha produción constituíase coas achegas públicas da Xunta de Galicia e do ministerio correspondente, tamén con coproducións das televisións autonómica e estatal, que compraba os dereitos de emisión da película rematada, e mediante o investimento dunha cantidade mínima garantida por parte dunha compañía distribuidora. Na actualidade, sinala, “apenas hai distribuidoras que aposten pola obra en fase de proxecto, as canles de televisión reduciron a capacidade de compra e, aínda que outras operadoras están a entrar no mercado, o gasto en dereitos de emisión é pouco significativo. Por outra banda, o feito de que as películas se financien coa entrada de canles de televisión deixa ás distribuidoras fóra dunha parte importante do negocio”. Todo isto, segundo a coordinadora da AGADIC, “está a provocar, non só en Galicia, unha importante brecha entre películas de baixo orzamento cunha produción case artesanal (e, consecuentemente, con dificultades de distribución) e aquelas consideradas máis industriais, con orzamentos dunha media de 4 millóns de euros, promovidas polas cadeas privadas, que utilizan incentivos fiscais para o seu financiamento e, evidentemente, contan con maiores posibilidades de chegar ao gran público. A case desaparición das películas consideradas ‘medianas’ é unha circunstancia que se está a dar en todos os países europeos, incluso en Francia, considerado sempre como exemplo de cinematografía propia”.

A produción tamén se ve afectada por estas dificultades xerais. Como indica Meijomín, “as empresas produtoras galegas, que son maioritariamente de pequeno e mediano tamaño, teñen xa unha traxectoria consolidada de presenza en mercados e foros internacionais, o que lles proporciona unha maior competitividade á hora de acadar acordos de coprodución para financiar as obras, así como a captación de axencias de vendas internacionais para a súa comercialización noutros territorios”. Esta proxección internacional favorece o acceso do audiovisual galego ás convocatorias de axudas públicas. O desexable, en palabras da coordinadora, sería o “aumento do número de compañías con capacidade estrutural e económica suficiente para abordar proxectos de maior dimensión que dinamizan extraordinariamente a industria. As dúas fórmulas teñen que convivir e retroalimentarse para o progreso do sector”.

Entre as cuestións mellor valoradas pola entrevistada dentro do eido do audiovisual galego están o talento e o elevado nivel de cualificación dos autores e autoras, cunha gran calidade e orixinalidade nas súas propostas, que son cada vez máis recoñecidas a nivel nacional e internacional. O mesmo sucede cos equipos profesionais, técnicos e artísticos, campos en



que Galicia está a destacar especialmente. Todo isto conformaría, en palabras da entrevistada, “unha auténtica bandeira para abrir novas oportunidades no exterior”.

No que ten que ver coa baixa asistencia dos galegos e das galegas ao cine, Meijomín cre que se debe basicamente á dispersión de poboación en Galicia e a que son moi poucas as vilas de menos de 20.000 habitantes que contan con cine comercial. “Volvería a insistir —apostila— en que está a aumentar o consumo de cine noutros soportes e tamén as posibilidades de acceder a películas consideradas en principio de difícil distribución grazas ás novas tecnoloxías”. Para a entrevistada, “os estímulos para promover a asistencia de público ás salas pasan por aumentar o número de pantallas. Non esquezo a conveniencia de achegar o cine ás escolas para xerar novos públicos, pero cunha visión real da situación, que pasa por encaixar máis materias no sistema”.

Unha das iniciativas levadas a cabo pola AGADIC para fomentar a asistencia ao cine nos núcleos pequenos de poboación foi a posta en marcha do programa Cinemas de Galicia, que leva películas en fase comercial a aqueles concellos onde non hai outra oferta, financiando, como explica Dolores Meijomín, a metade do alugamento das películas dun catálogo que inclúe o cine galego máis recente e as obras europeas de maior repercusión nos festivais. “As condicións de exhibición son comerciais, de maneira que os resultados da venda de entradas computan oficialmente e o prezo das mesmas está taxado para que resulte atractivo” engade.

No que respecta ao apoio da Administración pública ao sector do cine en Galicia, a entrevistada sinala que “hai unha normativa europea que establece límites ás axudas públicas destinadas á produción de proxectos, o que significa que unha media do 40% do financiamento depende da capacidade da empresa produtora para conseguilo. Dito isto, a cantidade total destinada pola Xunta de Galicia é proporcional ao número de proxectos que se veñen presentando ás convocatorias. A responsable do audiovisual da AGADIC tamén destaca o feito de que “a Xunta está a favorecer un marco cada vez máis estable en canto a datas de publicación, resolución e pagos; e tamén introduciu importantes avances para eliminar gastos financeiros, o que se resume nun sistema de seguridade económica para as empresas que é esencial para o seu funcionamento”.

Nesa mesma liña, Meijomín salienta que se está a prestar un apoio especial á creación e á fase de desenvolvemento previo dos proxectos e tamén ás películas seleccionadas en festivais e matiza que “non son medidas que proporcionen resultados inmediatos, pero xa son numerosos os casos de obras que se coñeceron na AGADIC como guións moi iniciais e se presentaron despois como películas en grandes festivais. Seguir e atender todo o proceso é un dos aspectos que máis se está a coidar desde a Xunta de Galicia”.

A Administración pública tamén está a afondar nunha liña de mellora coas empresas produtoras, prestándolles atención aos autores e autores e favorecendo, segundo a entrevistada, “que as produtoras teñan unha dinámica estable e traballen nun mínimo de dous proxectos anuais, promovendo actividades de formación e negocio internacional para que tanto as novas empresas como as xa existentes compitan ao máximo nivel dentro dos seus propios modelos de produción. Hai que acadar que eses cambios constantes que se están a dar no ámbito audiovisual non sexan un problema, senón novas e mellores oportunidades”.



Para a coordinadora de política audiovisual da AGADIC, hai unha relación moi próxima entre esta axencia e o sector audiovisual en prol dos mesmos obxectivos: “favorecer unha industria estable que proporcione postos de traballo de calidade en todos os ámbitos e que as obras se difundan, exhiban e comercialicen. As accións promovidas pola Xunta de Galicia no eido audiovisual e o financiamento para levalas a cabo son considerados, na súa maior parte, como investimento e non como gasto público, xa que o retorno positivo que proporcionan é incuestionable. E non se trata só de pensar no movemento económico que orixina unha rodaxe, senón no beneficio inmaterial que recibe a sociedade como achega cultural e de conformación da marca de identidade que se proxecta ao exterior” explica. Segundo Dolores Meijomín, quedan tarefas por abordar, entre as que destaca a importancia de que se estableza un novo e dobre sentido de circulación dos filmes; é dicir, que, ademais da apertura que está a experimentar o cine galego cara ao exterior, se estableza tamén un retorno das rodaxes nacionais e internacionais cara a Galicia. En calquera caso, conclúe, “a intuición sobre a futura evolución é positiva en canto a que hai un sector consolidado e preparado para afrontar retos e oportunidades e unha Administración que desenvolve políticas estables baixo unha aposta decidida de apoio e acompañamento nesa evolución. Ao fin e ao cabo, o cine non deixa de ser un traballo colectivo”.

Conclusiones

Galicia perdeu 100.000 espectadores en 2018, cun cómputo xeral de público de 3,9 millóns en toda a comunidade galega. Este feito concorda coa perda experimentada no conxunto de España, con 900.000 espectadores menos e un total de 98,9 millóns. A metade dos espectadores galegos pertencen á provincia da Coruña.

A recadación dos cines galegos en 2018 diminuíu en 0,9 millóns euros respecto ao ano anterior, un descenso que no total de España chegou aos 5,6 millóns de euros. En total, as salas galegas recadaron 22,9 millóns de euros dun total de 585,7 no conxunto do Estado. De novo, como ocorría no caso da asistencia ao cine, a provincia da Coruña supón a metade da recadación. Estes datos están vinculados coa nacionalidade da película exhibida. Ao contrario do que sucedía en 2017, as longametraxes españolas produciron máis ingresos en 2018 ca o ano anterior (100.000 euros máis); porén, as estranxeiras recadaron 1 millón menos. Situación semellante á do ámbito estatal, onde os ingresos polos filmes españois aumentaron tamén en 100.000 mil euros mentres que a recadación das películas estranxeiras baixou 5,6 millóns.

En 2018 hai un cine e dúas salas de exhibición máis que en 2017 en Galicia, polo que pasa a contar con 44 cines e 187 salas. No conxunto do Estado deuse a situación inversa, con 5 cines e 29 salas menos. O cómputo xeral do quinquenio analizado (2014-2018) é positivo para a comunidade galega, cun aumento na serie temporal de 9 cines e 3 salas. Nese mesmo período, no total do Estado aumentou en 24 o número de cines mentres que se perderon 111 salas de exhibición.

En 2018 exhibíronse en Galicia 582 películas, 25 menos ca en 2017, ano en que se acadaba o mellor dato dende o ano 2000. No total de España proxectáronse 1.947 títulos, 141 máis ca o ano anterior. Madrid é a comunidade autónoma cun maior crecemento de filmes



exhibidos, seguida de Cantabria, Castela e León e Canarias. As salas galegas puideron proxectar un 29,9% das películas estreadas en España en 2018, o que supuxo unha caída de 3,7 puntos porcentuais respecto a 2017, feito que sitúa a Galicia como a sétima comunidade con posibilidade de acceso ás estreas estatais. Cataluña e Madrid acceden a máis do 50% da carteleira nacional (60,5% e 55,3% respectivamente).

A asistencia media en Galicia sitúase en 1,4 películas por habitante (descende unha décima respecto ao 2017) e continúa lonxe da media estatal, que se coloca en 2,1. A poboación galega é a cuarta do Estado que menos vai ao cine, xunto coa asturiana e despois da extremeña e da de Ceuta e Melilla. Moi por riba da media estatal están os habitantes da Comunidade de Madrid, Cataluña, Navarra e Valencia.

O gasto medio por espectador en Galicia mantense practicamente estable nos últimos cinco anos en 5,9 euros, igual ca a media estatal, que tan só é superada por Madrid, Cataluña e Asturias. No que respecta ao gasto por habitante, a comunidade galega é a cuarta co gasto máis reducido, concretamente 8,5 euros, é dicir, 4,1 euros menos que a media estatal, fixada en 12,6 euros.

Segundo o ICAA, en 2018 operaron en Galicia 18 empresas produtoras de cine, seis máis que no ano 2017. A análise de evolución mostra que o número de produtoras no ámbito estatal aumentou progresivamente no último quinquenio, cun incremento respecto ao 2014 dun 45,7%, e chegou ás 389 empresas en 2018. Madrid e Cataluña seguen a liderar o sector, acaparando entres as dúas comunidades un 58,1% da totalidade de produtoras.

Entre 2013 e 2018 producíronse en Galicia un total de 141 filmes, entre longametraxes e curtametraxes. O ano de maior produción foi 2015, con 27 películas, das que 12 foron curtas, mentres que no último ano de referencia foron 25 os filmes producidos, 15 longametraxes e 10 curtametraxes. A meirande parte das películas producidas na comunidade galega entre 2013 e 2018 foron de ficción, mentres que en 2017 hai maior participación en películas documentais. Do total, hai 45 películas exclusivamente en galego, o que supón un 31,1%, e outras 9 nas que este idioma aparece xunto con outras linguas. En total o idioma galego estivo presente no 38,3% das producións galegas. En 2018 producíronse 13 películas exclusivamente en galego e unha en galego/castelán.

Na produción de filmes galegos desempeña un papel importante a AGADIC no impulso e apoio dos proxectos audiovisuais que se desenvolven en Galicia. A cifra de filmes en galego que recibiron subvencións da AGADIC incrementouse paulatinamente. De feito, no ano 2018, das 11 películas incluídas no *Catálogo de Cine Español* subvencionadas pola AGADIC, 7 teñen como lingua orixinal o galego, mentres que no ano anterior, de 11 filmes, tan só tres teñen como lingua orixinal o galego.

Por outra banda, cómpre salientar que son os filmes con lingua orixinal en galego os que reciben subvencións máis cuantiosas por parte da AGADIC, máis de 2,3 millóns de euros entre 2011 e 2018, cantidade á que habería que engadir máis de 300.000 euros para os filmes noutras linguas orixinais ademais do galego. Nese mesmo período as películas exclusivamente en castelán recibiron 1,9 millóns de euros.



O apoio da Administración pública á produción, distribución e educación cinematográfica é imprescindible para o desenvolvemento da produción cinematográfica en Galicia. As administracións deben coordinar esforzos co sector audiovisual para potenciar e apoiar economicamente o crecemento exponencial do talento e das empresas, e que así se poida consolidar un emprego de calidade. A este marco de acción debe sumarse un cambio nas políticas de apoio ao audiovisual da Televisión de Galicia.

A exhibición e distribución de producións de cine independente de calidade teñen que loitar diariamente fronte a títulos que se estrean cada semana con 300 e ata 600 copias en todo o Estado. Os axentes vinculados á exhibición en Galicia (normalmente as salas máis pequenas) arriscan acotío coa proxección destes filmes para achegar ao público obras menos comerciais, sen ter garantías sobre a súa viabilidade económica e asumindo en moitos casos os déficits da súa promoción. Para manter en cartel obras europeas ou de terceiros países, sería imprescindible (como xa ocorre en Portugal, Francia, Italia, Alemaña ou Reino Unido, entre outros) o apoio a todas as áreas das que depende a exhibición do cinema cultural.

Entre os principais factores de influencia sobre o descenso da asistencia dos espectadores galegos ao cine hai que salientar a dispersión xeográfica da poboación galega, o aumento do consumo de cine a través de plataformas de Internet ou televisión, así como o elevado prezo da entrada. Todo isto nun marco xeral no que o descenso de espectadores é xeneralizado en todo o Estado.

O cine galego está nun momento de total apertura cara ao exterior, e máis concretamente cara a outros territorios europeos, xa que as fórmulas de financiamento actuais esixen cada vez máis a coprodución internacional e o acceso a fondos públicos que incentivan estas prácticas. A entrada de participación exterior nas producións implica tamén o aumento das posibilidades de comercialización e difusión e iso xa está a ser unha realidade que se consolida ano tras ano. Dende a Administración pública estase a contribuír a esa internacionalización desde moi distintos aspectos: formación, apoio á creación e á produción de obras, axudas á difusión en festivais internacionais e presenza en mercados e foros de negocio do exterior.

